

Actas del  
XXVI Congreso Internacional  
de Lingüística  
y de Filología Románicas

Valencia 2010

Editores:

Emili CASANOVA HERRERO, Cesáreo CALVO RIGUAL

VOLUMEN II

Sección 2: Descripción histórica y / o sincrònica de las lenguas  
románicas: morfología, sintaxis

Sección 7: Sociolingüística de las lenguas románicas

De Gruyter

## 1. Introducción

No ecuador do século XX, Blinkenberg (1960: 45), tratando a transitividade no francés moderno, referíase a ela sinalando a súa variabilidade. Así, nas súas propias palabras, cumpría vérnola «comme une qualité normalement variable des mots qu'elle affecte. Ces variations peuvent être simplement des variations dans le degré de la cohésion; elles peuvent affecter aussi le mode de rattachement du régime au mot transitif». Transcorridas varias décadas desde esta afirmación, e tendo o sistema lingüístico galego-portugués como albo das nosas reflexións, unha ollada ás estruturas transitivas contemporáneas verifica de igual xeito a opinión de Blinkenberg. Deste modo, achamos diversas hipóteses de construcións que se ven afectadas, entre outros, polos seguintes factores de variación: a dimensión territorial ou rexional (*Esquecer algo / Esquecerse de algo, Lembrar algo / Lembrarse de algo etc.*), a dimensión contextual ou do rexistro (*Comer algo / Comer en algo, Necesitar algo / Necesitar de algo etc.*), a variábel cronolóxica (*Partir / Partirse, Pasar / Pasarse etc.*) etc.

Certamente, entendéndomos a transitividade como a necesidade de complementación de que precisan os predicados verbais para teren significación completa (o que leva a falarmos de diversos tipos de predicados: transitivos, intransitivos etc.), é de notar que aqueles verbos englobados baixo o cualificativo de «transitivos» non presentan o mesmo grao dessa necesidade de complementación. Desde o carácter intransitivo até ao transitivo dos verbos algúns autores falan de *continuum* ou gradación da transitividade. Así, Pottier (1975: 101) marca os seguintes catro estadios gradativos:

1. Verificase a ausencia de transitividade, o cal se dá en verbos como *chover, nevar, ventar* etc.
2. Existe transitividade, mais moito débil, grandemente lexicalizada e próxima do CD interno: *Dorme a sesta todos os días; Subiron a escada; etc.*
3. Manífestase unha relación de transitividade coa hipótese de economizar o obxecto: *Ese rapaz nin come nin deixa comer; Sempre come unha robaliza polas mañás; etc.*
4. Encóntrase a transitividade con expresión praticamente obligatoria do obxecto: *A Ana quebrou un oso; O Iago posúe moitos libros; etc.*

<sup>1</sup> O presente traballo insírese no marco do proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. I. Cantigas de amor e cantigas de amigo* (código FFI2009-08917), dirixido na Universidade da Coruña polo Dr. Manuel Ferreiro Fernández.



ISBN 978-3-11-029980-9  
e-ISBN 978-3-11-029991-5

*Library of Congress Cataloging-in-Publication Data*

A CIP catalog record for this book has been applied for at the Library of Congress.

*Bibliografische Information der Deutschen Nationalbibliothek*

Die Deutsche Nationalbibliothek verzeichnet diese Publikation in der Deutschen Nationalbibliografie; detaillierte bibliografische Daten sind im Internet über <http://dnb.dnb.de> abrufbar.

© 2013 Walter de Gruyter GmbH, Berlin/Boston

Gesamtherstellung: Hubert & Co. GmbH & Co. KG, Göttingen

∞ Gedruckt auf säurefreiem Papier

Printed in Germany

[www.degruyter.com](http://www.degruyter.com)

Por súa vez, Vilela (1992: 49-50) indica que transitivos son todos os verbos «que tenham um ou mais complementos –obrigatórios ou facultativos–», de forma que a transitividade xorde aquí «como algo que é (graduável), em que os traços fundamentais são a qualidade semántica do lexema verbal, a existencia de un complemento directo, a capacidade de passivización e a chamada ergatividade». Conclúe a sinalar que se distingue entre unha «transitividade forte» e unha «transitividade fraca», o que exemplifica mediante o seguinte esquema:

Transitividade forte:	Transitividade fraca:
dous ou más complementos	un complemento
presenza de acción	ausencia de acción
presenza de direccionalidade	ausencia de direccionalidade
intencional	non intencional
axente capaz de acción	axente non activo
obxecto totalmente afectado	obxecto non afectado
obxecto ben individuado	obxecto non individuado

Así pois, situándonos no carácter variábel e gradativo da transitividade, imos centrarnos nomeadamente no factor cronolóxico ou diacrónico. Para tal fin teremos como base o cancioneiro profano galego-portugués (LP), datado entre os anos 1200 e 1350, aínda que outros textos do período medieval serán tamén tidos ocasionalmente en conta, tanto os estritamente literarios (CT, GE etc.) como os documentos notariais (HGP, DGP). Por outra parte, no momento de delimitarmos o tema, decidimos considerar apenas o referente aos elementos argumentais e, no tocante ao marco teórico adoptado, seguimos no elementar a teoría da valencia nas formulacións contidas en Busse / Vilela (1986) e en Vilela (1992, 1999). Por último, para seleccionarmos os verbos optamos por aqueles más comuns nos traballos de sintaxe histórica galego-portuguesa, en especial as obras de Dias (1954), Ali (1965) e Silva (1989).

## 2. Os elementos argumentais e as preposiciones como marca de función sintáctica

### 2.1. Tipos de verbos canto á estrutura actancial

Dentro das estratexias para a marca de función sintáctica, e após a desaparición do sistema declinacional latino, a orde de palabras e os mecanismos que acoden ao uso de preposiciones resultaron ser uns dos medios más recorrentes. O comportamento dos verbos para seleccionaren unha ou outra partícula nlexical ou mesmo para escollerem diferentes tipos de elementos valenciais está presente nos textos medievais, nalgúns casos coincidindo coa situación da lingua actual e noutras ocasións diferindo dos usos contemporáneos. Nesta primeira sección imos deternos en certos predicados verbais e no tipo de selección de actantes que desenvolven, para o cal partimos da base de que o número máximo de componentes argumentais é de tres. É a postura que prefire,

entre outros, Dik (1989: 100-106), cando indica que nas «natural languages, however, the maximum quantitative valency of basic predicates seems to be 3, and that of derived predicates 4», mantida tamén por Lyons (1986: 362-363) ou Rábade (2004: 142).

Así as cousas, os verbos son susceptíbeis de se clasificaren do modo que se expón máis abaxo, en que se aprecia unha nula exixencia actancial (no primeiro dos casos) até á máxima encomenda de actantes (nos últimos exemplos); ao falar do potencial actancial, tanto o número canto as propiedades gramaticais dos argumentos depende de cada predicado:<sup>2</sup>

1. Verbos avalentes, en que non se exixe ningún actante, como en *barruzar*, *solerpar*, *orballar* etc.
2. Verbos monovalentes, en que ten de haber obligatoriamente un actante como nos casos de *adormecer*, *dormir*, *danzar*, *espirrar*, *nacer*, *morrer* etc.<sup>3</sup>
3. Verbos bivalentes, que precisan de dous elementos argumentais e que, a carón dos monovalentes, constitúen os esquemas clausais básicos que se encontran en toda a lingua: *afectar*, *carecer*, *depender* etc.
4. Verbos trivalentes, que son os más complexos canto ao número de elementos argumentais, pois requiren tres actantes: *conceder*, *colocar*, *introducir* etc.

### 2.2. Algunhas rexencias significativas

A partir desta cuádrupla clasificación, observamos como no galego da Idade Media se pode alterar a adscrición a unha tipoloxía ou a outra, tal como acontece na época actual. Talvez unha das mudanzas más representativas é aquela que afecta o número de actantes, unha das modalidades da coñecida como *actancia variábel*; e en moitas ocasións, debido a esa variabilidade, resulta difícil determinarmos o cadro actancial dun verbo, pois ás veces a identificación do número de elementos argumentais tornase unha tarefa certamente complicada. É o que se verifica para o caso de *morrer*, que normalmente é un verbo monovalente mais que en determinadas situacións consegue acrecentar un CD ou A<sub>2</sub>: *morreron maa morte sopitania de menaçon* (CI 71); *senõ lida cõmigo et morreras tu maa morte* (MS 107); *caera de çima de seu sobrado en fondo et morfrjera maa morte* (MS 182); etc. Trátase dunha mudanza equivalente á detectada para *dormir*, que adiciona igualmente un A<sub>2</sub>: *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias* [...]. / *Levad', amigo, que dormide'-las frias manhãas* (LP, II 688); etc.

Sen dúbida un dos verbos que máis favorece presentemente ser etiquetado de actancia variábel é *falar*, tanto no que di respecto ao número de elementos argumentais canto áúa

<sup>2</sup> Ao se facer esta clasificación dos verbos canto ás súas posibilidades de estruturación valencial, convén distinguirmos os *actantes obligatorios* e os *actantes facultativos*. Aínda a estaren inscritos no significado do verbo, tornándose deste modo en complementos esenciais para a correcta comprensión do predicado, nin todos son obligatoriamente realizados, de modo que a súa omisión non provoca agramaticalidades: é o caso dos actantes facultativos (Vilela 1999: 342).

<sup>3</sup> Dado que o concepto da transitividade, como viamos, non é unha característica estática, mais graduábel ou variábel, certos predicados tipicamente monovalentes poden ampliar o seu cadro actancial e pasaren a presentar dous actantes, en que un corresponde ao SUX (A<sub>1</sub>) e o adicionado ao CD (A<sub>2</sub>): *A aldara adormeceu logo do xantar* (monovalente) / *A Aldara adormeceu os nenos* (bivalente) etc.

natureza.<sup>4</sup> Nos textos galego-portugueses medievais xa se documentan diversas estruturas predicativas. Unha destas obedece ao esquema valencial  $V + A_1 + A_4$  introducido pola preposición *con* cun significado próximo de «conversar»: *falad' agora comigo, / por Deus, e non mi-o neguedes* (LP, I 81); *o que morre por mi d'amor / leixade-m'ir con el falar* (LP, I 95); *Falava migu'e quiso-me falar / no mui gram bem que m'el diz ca mi quer* (LP, II 670); etc. Outra achámola no modelo argumental  $V + A_1 + A_3$  coa significación de «comunicar», «dirixir a palabra»: *Filha fremosa, vedes que vus digo: / que non faledes ao voss'amigo* (LP, I 166) *Pero ei gran sabor de lle falar, / quando a vejo, por lle non pesar* (LP, I 111); *Madre velida, meu amigo vi: / non lhi faley e con el me perdi* (LP, I 112). Máis unha é a que temos no esquema  $V + A_1 + A_4$  introducido pola preposición *en*, co valor de «tratar», «desenvolver»: *Ca noutro dia vos achei / falar no voss'e non en al / con outra e foi-m'ende mal* (LP, I 94); *enquanto l'h'eu preguntar u tardou, / falade vós nas donzelas enton* (LP, I 105); *Moir', amiga, desejando / meu amigu', e vós no vosso / mi falades*, (LP, II 742); etc. E tamén se detecta o marco  $V + A_1 + A_2 + A_3$ , áinda que o terceiro elemento actancial pode pasar a ser facultativo: *e eu mui passo fui-mi-achegado / pola oir, e sol non falei ren* (LP, I 124); etc.

Outro verbo que aparece nos textos medievais con varias posibilidades de construcción actancial, dun modo similar ao que acontece na actualidade, é *ficar*. Unha primeira estrutura vén dada polo modelo  $V + A_1 + A_4$  introducido pola preposición *con*, «permanecer, quedar»: *Ora que eu moiro, ¿con quen ficades? / Vós con ela, par Deus, non ficaredes, / e se eu moiro migo morrededes, / ca vós noit'e dia migoo ficades* (LP, I 125); etc. O valor de permanencia que xa de seu denota a esfera semántica de *ficar* vese ponderado cun actante locativo-situativo na estrutura  $V + A_1 + A_5$ : *dou logo aquela terra aos que se pagaro de en ela ficar* (MS 127); etc. Outra hipótese é a que nos proporciona o esquema  $V + A_1 + A_{10}$ : *caerolle as vespas dos narizes et ficou logo moy bē saão* (MS 35); *Esta cara et doaçō figuy firme et dom frey Joham Lourenço, abbaide do dito mōesteyro de Mōfero que presente está, asy receive a dita doaçō* (HGP 62); *en dias da ssua vida et aploys da ssua morte que fique liure et quita ao dito Mosteyro* (HGP 158); etc. Relacionada semanticamente coa anterior é a seguinte estrutura, en que o CPred é mudado polo actante modativo na construcción  $V + A_1 + A_9$ : *asentou et apoderou ao dito prior enna dita vñha ficando a saluo algúia parte o seu dereyto* (HGP 65); etc. Igualmente, está moi ben representado o modelo actancial  $V + A_1 + A_3$ , áinda que nalgún caso non está totalmente clara a natureza do pronome átono, xa que pode corresponder a un CI ou mesmo a outros tipos de dativo: *Aquel rapaz que l'h'o rocin levou, / se lhi levass'a mua que lhi ficou* (LP, I 196); *dissome que ssua moller Mayor Perez que era finada et que lle ficara della hñia sua filla pequena [...] et que nō auya y auer mouil nē lle ficara de parte da dita sua madre [...] et eu por que soube per uerdade do dito seu padre, Pedro Dominguez, que lle nō ficara auer mouil de parte da dita sua madre* (HGP 53); etc.

<sup>4</sup> A este respecto, tal como se afirma en Busse / Vilela (1986: 67), hai «verbos que apresentam construções com um número variável de actantes, em que é quase impossível dizer se se trata duma construção, digamos, primariamente trivalente, com dois actantes facultativos, ou se se trata de duas construções do mesmo nível, também primárias». A complexidade sintáctica e semántica de *falar* xa forá salientada por Ali (1965: 165) cando deixaba constancia de que o dito verbo, «um dos que mais freqüentemente ocorrem na linguagem quotidiana, não pode gabar-se de pertencer a um tipo definido [canto á transitividade]. Transitivo em *falar uma lingüagem, ouvir o que alguém fala, falar verdade, sem falar outra palavra*, emprega-se contudo as mais das vêzes como verbo intransitivo».

Por súa vez, o verbo *entrar* responde na época actual a un predicado bivalente, adoitó construído con  $A_1$  e con  $A_5$  introducido pola preposición *en* (*Entrar nalgures*) ou nalgún caso *a* (*Entrar a algures*). No entanto, na lingua medieval podía presentar diversas hipóteses de estruturación actancial, algunas coincidentes coa contemporánea, outras diferentes. Unha delas responde ao esquema  $V + A_1 + A_5$  preludiado por *en*: *En aquela meesma sazõ que os de Troya entrarō ēno mar, Menelao entrou ēno mar outrossy* (CT 251); *ca se ao Pareyso tornasem et en el entrasem et daquela froyta daquela aruore de saber obem et omal comesem, nūca despoxys poderiā morrer* (GE 8); etc. Outra parece presentar a estruturación  $V + A_1 + A_3 + A_5$ , áinda que neste caso en particular o dativo pode corresponder a un dativo posesivo, cunha vinculación ao nó verbal, subsecuentemente, non tan marcada como a de  $A_3$ : *entraronlle os ladrões na casa e tomarolle quanto avia* (MS 42); etc. Máis unha asenta no modelo  $V + A_1 + A_5$ , agora este introducido por *a*: *commo se determina da hñia parte perlo camiño del Rey que entra aa Vila de Ribadeu* (HGP 85); etc. Digno de nota é o cadre  $V + A_1 + A_2$ , insólito no galego actual: *Et entrou o reino por estas partes de Galiza, et entrou a egleja de Santiago et destroeu moitas das paredes da egleja* (CI 70); *por força entrou a prelacia et senorio da egleja* (CI 71); o dito Diego Gelmeriz *entrou o regemento da egleja* (CI 75); *poderemos entrar a terra del rrey Leomedón* (CT 216);<sup>5</sup> etc.

Varios esquemas actanciais son os que igualmente corresponden ao verbo *lanzar*, algunos certamente sorprendentes se comparados coa época actual. Un deles é  $V + A_1 + A_4$  introducido por *de*: *Ao lançar do pao, / ena sela / deu do cuu mao [...]. / Ao lançar do touço, / [ena sela] / deu do cu'a bouço* (LP, II 592); *Ao lançar de touço da sela rengellosa, / feriu do cu'a bouço* (LP, II 592); etc. Outro vén dado polo modelo  $V + A_1 + A_2 + A_5$  preludiado pola preposición *en*: *Et enton o señor Santiago lançou ennos mouros tanta desenteria* (CI 71); *hñia moy grāde onda et lançoo ēno mar cō outros que y andauā* (MS 186); etc.

Un outro predicado verbal que solicita unhas palabras é *apoderar*. Na lingua contemporánea constrúese normalmente con construcción reflexiva e rexe o  $A_1$  e o  $A_4$  introducido este pola preposición de (*Apoderouse dos cartos*). No entanto, na lingua galega da Idade Media era posíbel que o  $A_4$  fosese preludiado pola partícula *en*, moi ao contrario do que acontece presentemente: *outrosi con o conde de Trastamar que se apoderou enna cidade* (CI 57); *Et enton don Pero Vimara, leigo mordomo del rei, se apoderou enno bispado et tevo toda a terra de Santiago* (CI 74); etc.

O caso dos verbos trivalentes *entregar* e *ofrecer* é merecido albo dunhas palabras. Trátase de predicados con tres argumentos que, en xeral, seguen o modelo de *dar* cando responde ao esquema predicativo «dar algo a alguém», isto e.,  $V + A_1 + A_2 + A_3$ : *Mandou que entregasen a cidade à Irmandade* (CI 59); *damos & oferemos a Deus & a San Salvador [...] toda a nosa herdade* (DGP 87); *offerimos nossos corpos & nossas almas a Sancta Maria* (DGP 169); *ofereçedalle mōollos de espygas de messe* (GE 11); etc. Con todo, ainda que minoritariamente, atéstanse estruturas sintácticas en que se produce unha mudanza de actante no segundo ou terceiro posto, segundo poñen de manifesto os exemplos a seguir: *Et entregou aos cibdadōis enna mão do obispo que os julgase* (CI 89-90); *et que entonces oferresceria o privilegio enno seu altar* (CI 90); *Et Abel offerecia do mellor leyte, et mays puro, et mays limpo* (GE 11);

<sup>5</sup> Cfr. a diátese pasiva con *entrar*, actualmente de moito difícil documentación, mais que verifica o carácter de CD do elemento rexido polo verbo: *Et despois que a ciidade foi entrada, acharō que forá en aquela hora que el disera* (MS 210); etc.

etc. Relacionado con este último caso está o do verbo *dar*, que tamén coñece na actualidade unha construcción equivalente con V + A<sub>1</sub> + A<sub>3</sub> + A<sub>4</sub> (alguén dá de algo a alguén) e que, cando menos aparentemente, xa se documenta na época medieval: *Et rrogou aseu yrmão quelle fezese algūis estormētos donde aqueles fezera pera seus pastores, et el quelle daria de seus gāados carneyros et vacas* (GE 16);<sup>6</sup> etc.

Por outra parte, un verbo que posibilita varias predicacións lingüísticas na época contemporánea é *lembra*, suxeitas a diversos factores de variación, como motivacións estilísticas, contextuais, idiolectais etc., as cales, no esencial, non alteran o significado fundamental do predicado (cfr. *Lembrou algo / Lembroulle algo / Lembróuselle algo / Lembrouse de algo*). Con todo, na lingua medieval non parecen contar coa mesma frecuencia de documentación. A máis rexistrada, co verbo *nembrar*, é a equivalente ao modelo V + A<sub>1</sub> + A<sub>4</sub> con construcción pronominal: *E pois vus da coita non nembrades / nen do affam que mh-o Amoar faz sofrer* (LP, II 659); *E ela non se quer nembrar / de min... e moiro-me d'amor* (LP, II 685); *Quando me nembra de vós, mha senhor, / en qual affam me fazedes viver* (LP, II 658); *et nēbrabase dello moyto* (GE 10);<sup>7</sup> etc. Non está sen exemplo algunha mostra en que se suprime a partícula prepositiva, conforme tamén recolle Silva (1989: 611), como no caso seguinte: *hūu dia seendo aa noyte nēbrouse que em aquel dia nō fezera bē nihūu* (MS 45); etc. E tampouco carecen de documentación certas hipóteses en que se perde o elemento pronominal, áinda que mantendo a preposición: *Que estranho que mh é, senhor, / e que gram coita d'endurar, / quando cuid'en mi, de nembrar / de quanto mal fui sofredor* (LP, I 219). A posibilidade V + A<sub>1</sub> + A<sub>2</sub> está igualmente rexistrada, mais cunha frecuencia escasa; o seguinte exemplo responde a ese modelo, áinda que se acha en falta a concuxión *que*: *nēbrou en sua votade cō hūa cousa cōtraria goreçe omē da outra et a doença que vem cō prazer que se perde cō pesar* (MS 40-41). Finalmente, o modelo actancial V + A<sub>1</sub> + A<sub>3</sub> documéntase en ocasións: *Quando me nembra quanto mal, / meus amigos, me d'amor ven [...]. / Quando me nembra o prazer, / meus amigos, que ouv(e) e perdi* (LP, II 992); etc.

Mención á parte neste subgrupo de verbos que non alteran no esencial o seu significado piden aqueles que se constrúen na actualidade ora con A<sub>2</sub>, ora con A<sub>4</sub>, do tipo *apañar, bater, beber, comer, mallar, roer, segar, sachar, tirar* etc., por constituir magníficos expoñentes da dupla posibilidade de transitividade e por seren hodiernamente característicos do galego, en que, de acordo con Rodríguez Guerra (1997: 347), comezan a ser habituais xa no século XIX, como ben o demostra o comentario que lles dedicou Saco Arce na súa *Gramática*.<sup>8</sup> Estas construccions inspiraron Rodríguez Guerra a sinalar, centrándose na preposición *en*, a circunstancia de se rexistren ao longo e largo de todo o dominio lingüístico galego e a

<sup>6</sup> Cfr. a construcción equivalente sinalada por Dias (1954: 138) na expresión *dar de conselho*. Nótese tamén o comentario de Ali (1965: 206-207) ao expor que o «conceito instrumental que se acrecenta a *dar* (significando ‘bater’, ‘dar pancadas’) e *ferir*, era enunciado em portugués antigo, e ainda em linguagem quinhentista e seiscentista, já pela preposición *de*, já pela preposición *em*».

<sup>7</sup> Cfr. *acordar*, igualmente detectado con esta estrutura: *Et o mercador accordouse de moytos miragres que oyo dizer que Santiago fezera* (MS 193); *pero accordouse de dizer ao moço queo leuase ala* (GE 21); etc.

<sup>8</sup> Cfr.: «Suelen construirse con esta preposición los verbos que designan la acción de comer ó beber, formando un idiotismo que expresa muy bien el afán dedicado á tal operación, por ejemplo: Cumia n-o queixo como si fora pan [...]; Ti bebes n-o augardente hastra non poder mais [...]; Mira como roi n-o grau [...]. Para denotar igualmente mayor intensidad de acción, se pospone á muchos verbos que en castellano piden acusativo ó dativo, como: Apura n-iles [...]; Ben estivo perdicando n-elas [...]; Non fai mais que encírrar n-iles [...]» (Saco 1868: 203).

relación entre o emprego destas predicacións e o nivel de lingua, pois «hai que facer nota-la relación inversamente proporcional entre grao de formalismo do contexto comunicativo e cantidade de exemplos atopados» (Rodríguez 1997: 347). Para Freixeiro (2006, II: 389), a súa xénese debe ser entendida «por o galego se manter durante os últimos séculos no ámbito restrito da oralidade e da coloquialidade, lonxe dos usos formalizados», o que sen dúbida favoreceu o suceso no dominio da expresividade de tales hipóteses de construcción. Cidrás Escáneo (1998), por súa vez, prefire ver nestes usos vestixios da necesidade de marcase do obxecto, proceso de saíu con suceso *a*. O que explica que non acontecese o mesmo con *de, en* ou *con* débese, en primeiro lugar, ao feito de seren «moi pouco restrictivas na selección semántica dos seus termos»; e, en segundo lugar, débese tamén á circunstancia de estaren «moi constrinxidas, en canto ás súas condicións de aparición, polo núcleo predicativo de que dependen (ou por outros factores contextuais afins, no seo da unidade superior na que se integran, proxección máxima dese núcleo)» (Cidrás 1998: 575-576). Con efecto, o carácter de restrición a que alude este estudioso é o que permite entendermos que os seguintes exemplos sexan bastante improbabéis na lingua a interpretármolos como predicacións con verbos bivalentes en que figura un A<sub>4</sub>: *\*Proferiu nunha conferencia interesante; \*O xuiz ditou nunhas sentenzas estrañas; \*Mercou no computador*; etc.

A situación da lingua medieval a respecto destas posibilidades de proxección argumental é diferente se comparada coa época contemporánea, en que, de acordo co exposto, son más doadamente rexistrábeis canto máis popular ou coloquial for o rexistro. No entanto, contamos con algún exemplo esporádico de como tales secuencias xa están presentes no galego da altura, áinda que cunha frecuencia de atestamento certamente residual; tal é o que acontece co verbo *ler* no seguinte caso: *Seendo cabo do bordo leendo en hūu liuro, vēo hūa moy grāde onda* (MS 186). Os poucos testemuños que desta rexencia se ten na Idade Media explícanse, ao noso ver, por dúas causas fundamentais: primeiramente, convén termos presente que se o fenómeno estaba a emerxer nesta época as súas documentacións, por lóxica, non poden ser tan numerosas como cando está xa consolidado;<sup>9</sup> e en segundo lugar, non debemos perder de vista que se trata dun fenómeno adscribel ás variedades da linguaxe popular e que, neste sentido, a literatura galega medieval conservada non se caracteriza precisamente por presentar unha estética popularizante.

### 3. Cabo

Comezabamos sinalando que a transitividade se caracteriza, entre outros aspectos, polo seu carácter variábel, e isto ficou demostrado a teor das diferentes cuestiós a que concedemos interese: en primeiro lugar, verificouse que na mudanza do galego medieval ao galego contemporáneo se produciron diversas modificacións no tipo e na cantidade de elementos argumentais de que precisa un verbo para ter significación plena; e en segundo lugar, tamén se pudo constatar como o mesmo predicado verbal podía presentar varios esquemas

<sup>9</sup> Por súa vez, como máis un dato da súa baixa documentación contamos co traballo de Silva (1989: 608), en que se non recolle a estrutura *ler en*, mais unicamente *ler + CD*.

actanciais no galego-portugués da Idade Media, o que redunda no carácter de variabilidade que singulariza as estruturas transitivas.

Unha outra cuestión que merece ser aquí ponderada é a documentación, embora esporádica, do CPrep introducido por *en*, como en *Ler no libro*. Aínda que se trata de construcións cunha frecuencia de atestación na lingua moderna inversamente proporcional aos rexistros coidados, interesa podermos comprobar como o seu aparecemento remonta a unha época en que os procedementos para a asignación de funcións sintácticas se achaban nun estadio aínda non totalmente fixado, coas consabidas flutuacións e oscilacións propias dun período de tales características.

## Bibliografía

- Ali, Manuel Said (¹1965): *Gramática histórica da língua portuguesa*. São Paulo: Melhoramentos.
- Blinkenberg, Andreas (1960): *Le problème de la transitivité en français moderne. Essai syntactico-sémantique*. Historisk-filosofiske Meddelelser, udvigt af Det Kongelige Danske Videnskabernes Selskab, 38, 1.
- Busse, Winfried / Vilela, Mário (1986): *Gramática de valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa*. Coimbra: Livraria Almedina.
- CI = Souto Cabo, José António (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Íria*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Cidrás Escáneo, Francisco António (1998): *Marcase preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica*. In: Kremer, Dietter (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 2, 569-580.
- CT = Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DGP = Souto Cabo, José António (ed.) (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII. Monografía 5 da RGF*.
- Dias, Augusto Epiphanio da Silva (¹1954): *Syntaxe histórica portuguesa*. Lisboa: Livraria Clássica.
- Dik, Simon C. (1989): *The theory of functional grammar. I. The structure of the clause*. Dordrecht-Holland / Providence-USA: Foris Publications.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (²2006): *Gramática da língua galega. Vol. 2. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- GE = Martínez-López, Ramón (ed.) (1963): *General Estoria*. Oviedo: Universidade de Oviedo.
- HGP = Maia, Clarinda de Azevedo (ed.) (¹1997): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situación do galego moderno)*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigación Científica e Tecnológica.
- LP = Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia.
- Lyons, John (1986): *Introducción en la lingüística teórica*. Barcelona: Teide.
- MS = Pensado, José Luís (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*. Anejo LXVIII da RFE. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Pottier, Bernard (1975): *Gramática del español*. Madrid: Alcalá.

- Rábade Castiñeira, Xoán Carlos (2004): *Algunhas propostas sobre as unidades, relacións e funcións sintácticas*. In: *RGF* 4, 115-152.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (1997): *Aspectos da transitividade galega: os complementos con «en»*. In: Fernández Salgado, B. (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, 1, 343-352.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Silva, Rosa Virginia Mattos e (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do português arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Vilela, Mário (1992): *Gramática de valências. Teoria e aplicação*. Coimbra: Almedina.
- (²1999): *Gramática da língua portuguesa. Gramática da palabra. Gramática da frase. Gramática do texto / discurso*. Coimbra: Almedina.